

# LIQUIDACIÓN DOS ORZAMENTOS DOS CONCELLOS GALEGOS (Año 2012)

O Ministerio de Facenda publicou a liquidación dos orzamentos das entidades locais correspondentes ao ano 2012. Hai que destacar que a totalidade dos concellos galegos xa achegaron as súas contas ao Ministerio, polo que xa se pode realizar unha valoración xenérica dos resultados dun ano que, polas súas circunstancias especiais, tivo moitas repercusións nas contas municipais que cabe analizar.

Os ingresos dos concellos ascenderon a **2.275 Millóns de Euros**, aínda que nesta cantidade está incluído un crecemento importante do Capítulo IX (Pasivos Financeiros) motivado polo Plan de Pago a Provedores.

En canto ao Capítulo de gastos, a cifra global ascendeu a **2.056 Millóns de Euros, 240 Millóns de Euros menos** con respecto ao ano 2011, con especial protagonismo no descenso dos Capítulos I e VI (Gastos de Persoal e Inversións Reais).

## DATOS DEMOGRÁFICOS E TERRITORIAIS

		Menores de 2.000 Hab.	Entre 2.000-5.000 Hab.	Entre 5.001-20.000 Hab.	Entre 20.001-50.000 Hab.	Máis de 50.000 Hab.	TOTAL
<b>POBOACIÓN 2012</b>	TOTAL	131.446	332.282	886.992	430.871	999.907	2.781.498
	PESO ESPECÍFICO	4,73%	11,95%	31,89%	15,49%	35,95%	
<b>CONCELLOS</b>	TOTAL	100	102	91	15	7	315
	PESO ESPECÍFICO	31,75%	32,38%	28,89%	4,76%	2,22%	
<b>SUPERFICIE</b>	TOTAL	8.324,60	10.894,30	7.825,10	1.547,30	982,50	29.573,80
	PESO ESPECÍFICO	28,15%	36,84%	26,46%	5,23%	3,32%	
<b>ENTIDADES SINGULARES DE POBOACIÓN</b>	TOTAL	5.366	10.566	10.599	2.331	1.286	30.148
	PESO ESPECÍFICO	17,80%	35,05%	35,16%	7,73%	4,27%	

<b>CAPÍTULOS DE INGRESOS</b>	Ano 2012	Ano 2011	Diferenza 2012-2011	<b>CAPÍTULOS DE GASTOS</b>	Ano 2012	Ano 2011	Diferenza 2012-2011
<b>Impostos directos</b>	734.258	684.589	+ 49.668	<b>Gastos de persoal</b>	652.417	752.456	-100.039
<b>Impostos indirectos</b>	43.515	57.411	-13.896	<b>Gastos correntes en bens y servizos</b>	902.221	859.578	+ 42.643
<b>Taxas, prezos públicos e outros ingresos</b>	395.418	393.879	+ 1.539	<b>Gastos financeiros</b>	23.176	17.663	+ 5.513
<b>Transferencias correntes</b>	735.212	789.374	-54.162	<b>Transferencias correntes</b>	111.161	111.041	+ 120
<b>Ingresos patrimoniais</b>	22.890	20.503	+ 2.387	<b>Inversións reais</b>	239.449	441.502	-202.053
<b>Alleamento de inversións reais</b>	1.706	4.384	-2.678	<b>Transferencias de capital</b>	25.516	14.954	+ 10.562
<b>Transferencias de capital</b>	121.972	195.230	-73.258	<b>Activos financeiros</b>	2.707	3.001	-294
<b>Activos financeiros</b>	2.653	3.617	-964	<b>Pasivos financeiros</b>	100.306	96.866	+ 3.440
<b>Pasivos financeiros</b>	217.392	86.966	+ 130.427	<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>2.056.955</b>	<b>2.297.063</b>	<b>-240.108</b>
<b>TOTAL INGRESOS</b>	<b>2.275.016</b>	<b>2.235.953</b>	<b>+ 39.063</b>				

Fonte: Ministerio de Facenda e Administracións Públicas

Fonte: Ministerio de Facenda e Administracións Públicas

REMANENTE DE TESOURERÍA	ANO 2012	ANO 2011	Diferenza 2012-2011
Fondos Líquidos	490.944	452.983	+ 37.961
Obrigas Pendentes de pago	382.722	537.788	-155.066
Dereitos pendentes de cobro	700.586	755.923	-55.337
Remanente de Tesourería para gastos xerais	338.623	170.419	+ 168.204
Remanente de Tesourería para gastos xerais axustado	302.505	115.956	+ 186.549

Fonte: Ministerio de Facenda e Administracións Públicas

## CAPÍTULOS DE INGRESO

### Impostos locais: o empuxe do IBI urbano

O crecemento na recadación nos impostos locais está marcada por un **incremento do IBI Urbano en 50 Millóns de Euros**. Con este considerable aumento, a recadación global por este concepto se sitúa nos **450 Millóns de Euros**, e representa xa o 20% dos ingresos totais dos concellos. Esta notable variación foi motivada principalmente pola medida adoptada polo goberno, que instaba aos concellos a incrementar os tipos impositivos no ano 2012, e que se mantivo vixente para o ano 2013.

Pola contra, o **Imposto de Construcións** seguiu caendo en 2012, **reducíndose en 10 Millóns de Euros** máis. Hai que destacar neste senso que o grupo de concellos menores de 2.000 habitantes son os que acadaron unha recadación media máis elevada en termos per cápita.

Os restantes impostos locais mantivéronse nos mesmas cifras. O IVTM segue a ser o segundo con maior poder recadatorio, en torno aos **130 Millóns de Euros**, e tamén cabe resaltar a evolución crecente do Imposto sobre Bens de Características Especiais nos concellos menores de 20.000 Habitantes.

### Estabilidade nas taxas e outros ingresos

A Recadación global neste capítulo mantívose estable respecto ao ano anterior, aínda que de xeito desigual. Ao carón

dun leve incremento na recadación nas Taxas pola prestación de servizos públicos básicos e pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local, hai un descenso significativo no capítulo doutros ingresos.

### A drástica caída das transferencias recibidas doutras administracións

Os concellos percibiron en concepto de Transferencias Correntes e de Capital **127 Millóns de Euros menos respecto ao ano 2011**, con mención especial para o descenso de **85 Millóns de Euros nas cantidades recibidas da Comunidade Autónoma**, que se reflicte especialmente en determinados capítulos do gasto funcional.

### Outras cuestións destacables

Cabe resaltar tamén no apartado de ingresos o crecemento do Capítulo IX (Pasivos Financeiros), onde se contabilizan os préstamos recibidos do Plan de Pago a Proveedores, e o carácter residual do Capítulo VI (Alleamento de Inversións Reais), un apartado que no seu día tivo para os concellos un poder recadatorio importante, pero que neste intre é practicamente nulo.

## CAPÍTULOS DE GASTO

Como xa se comentou anteriormente, a caída importante dos gastos ten como principais damnificados os capítulos de persoal e inversións reais.

Dentro do primeiro capítulo, cabe destacar o **decrecemento en 100 Millóns de Euros do gasto en persoal** respecto a 2011, a metade correspondente ao apartado de persoal laboral. A caída das transferencias e as medidas adoptadas polo Goberno Central son factores que explican en gran medida este importante descenso.

Por outra banda, as Inversións Reais reducíronse no 2012 en **200 Millóns de Euros**, dos que 130 corresponden aos capítulos de Inversión nova en infraestruturas e bens destinados ao uso Xeral e Inversión nova asociada ao funcionamento operativo dos servizos.

Á vista dos resultados acadados na análise da liquidación dos orzamentos dos concellos para o ano 2012, cómpre realizar unha reflexión en torno ao sempre cuestionado nivel de gasto dos concellos, e singularmente daqueles que contan cun menor número de habitantes.

Hai que partir da base, por descontado, de que é posible e necesaria unha mellora continua e permanente da eficiencia dos servizos de todas as administracións e a definición da dimensión adecuada para prestalos en función da súa propia e peculiar tipoloxía, pero singularmente son aquelas administracións con maior volume de gasto as que teñen un maior marxe de mellora, có obxectivo final de lograr unha maior optimización, que non debe nin ten que supoñer un recorte na prestación dos servizos.

No seu día, o Instituto de Estudos Fiscais, organismo dependente do Estado, de xeito moi cuestionable, utilizou para o teórico pero irreal cálculo do aforro de custos nos servizos municipais un orzamento totalmente inadecuado, correspondente ao ano 2010 (na que os concellos percibiron unha cantidade extraordinaria certamente elevada do FEESL), e tres variables absolutamente insuficientes para valorar eses posibles aforros: Poboación, densidade (totalmente inadecuada) e envellecemento.

O que veñen a amosar os números deste ano 2012 e o análise dos resultados acadados é que, se realmente a intención é

realizar un traballo minimamente serio, e para cada un dos programas de gasto, habería que definir uns parámetros concretos e específicos en base ás características de cada un dos servizos, a partir desta base, definir a estratexia adecuada na busca dunha xestión máis eficiente.

Exemplos temos suficientes, e así, non se deben obviar, como se realiza neste estudo e no reparto de fondos aos concellos por parte do Estado, a decisiva incidencia de factores xenéricos, como pode ser a dispersión (concepto moi diferente á densidade), na recollida de lixo, abastecemento de auga, alumeadado público, pavimentación das estradas entre outros, e factores específicos como, a modo de exemplo, o número e tipoloxía dos colexios no ámbito educativo, e número e características concretas das persoas dependentes, e outras necesidades específicas no ámbito dos servizos sociais (moi distintas nas diferentes áreas da nosa Comunidade).

Finalmente, e como dato fundamental obviado no estudo, hai que ter en conta a propia capacidade de cada concello para xerar recursos propios, que é moi diferente en cada caso en función de parámetros especialmente ligados ao propio desenvolvemento económico do municipio. É evidente que algúns concellos teñen, polas súas propias características, un maior volume de ingresos, pero tamén iso produce un maior nivel do gasto, e o estudo ao que se fai referencia elude de xeito sorprendente esta cuestión.

Tendo en conta todas estas premisas, e xa centrándonos no caso dos concellos galegos e nas peculiaridades específicas e complexas que ten a nosa Comunidade, e contrariamente ao que se está a argumentar dende distintos ámbitos, moitos servizos de base (especialmente no ámbito dos servizos sociais) son moito máis eficientes e eficaces canto máis preto estean dos cidadáns.

Servizos onde a eficiencia óptima depende do dinamismo, axilidade e flexibilidade na toma de decisións, e nos que se non se cumpren estas características, deixarían de ser efectivos. Por elo, a aposta nesta tipoloxía de servizos debería ser dotar dunha maior autonomía na súa xestión á administración máis achegada aos cidadáns, que redundaría, nun incremento da eficiencia e da eficacia dos mesmos e nun menor custo na súa prestación. É un erro considerar que as economías de escala sempre van xerar aforros, máis se temos en conta a natureza específica e concreta de certos servizos que actualmente prestan os concellos.

A liquidación dos orzamentos dos concellos galegos correspondente ao ano 2012 amosa xenericamente que

o problema no contexto actual non son as entidades locais. Nunha situación extremadamente complexa, os concellos reduciron o seu nivel de gasto, os índices de solvencia son moderadamente positivos (cabe destacar neste aspecto o incremento do remanente de tesourería respecto ao ano 2011, e o descenso das obrigas pendentes de pago, que seguen moi por debaixo, este ano aínda máis, dos dereitos pendentes de cobro) e iso, nunha situación na que tiveron que incrementar dun xeito moi importante o financiamento ou cofinanciamento de servizos que corresponden a outras administracións, cubrindo en moitos casos os baleiros deixados por estas.

É certo tamén que hai concellos que contan cunha situación financeira con graves dificultades, nalgúns casos provocados por problemas estruturais, alleos á propia xestión municipal, e que xa se puxeron de manifesto en distintos estudos económicos realizados pola FEGAMP, e outros concellos que arrastraban problemas financeiros dende hai varios anos, que se viron agravados pola propia crise.

Pero na gran maioría dos casos, e como valoración xeral, a sensación é que, con moitas dificultades, arduo esforzo, e coa necesidade de ter que realizar importantes axustes na súa xestión orzamentaria, o nivel de adaptación a este escenario de extrema dificultade foi francamente bo, e dende logo, moito máis óptimo con respecto aos demais niveis da organización territorial do Estado.

Dado que a recente reforma local establece que todas as entidades locais terán que calcular o custo efectivo dos servizos que prestan, e que eses criterios de cálculo serán fixados por orde do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, desexemos que os que finalmente se apliquen sexan diametralmente distintos ás bases establecidas no erróneo estudo realizado no seu día polo Instituto de Estudos Fiscais.

Como reflexión final, os datos reflicten que o gasto municipal segue a ser no ano 2012 exíguo con respecto ao gasto global do sector público, singularmente, o gasto dos concellos galegos menores de 5.000 habitantes non chega ao 17% do gasto total dos municipios da nosa Comunidade, os datos de solvencia son relativamente positivos, os datos de endebedamento a longo prazo son substancialmente mellores con respecto á media estatal. Con todo isto, os concellos seguen a estar permanentemente en cuestión, e en ocasións, semella que son os principais responsables da actual situación financeira, a pesares de que ano tras ano esta premisa é desmentida polos propios números. Cabe entón facerse unha pregunta, ¿ata cando?



# GASTO FUNCIONAL DOS CONCELLOS GALEGOS LIQUIDACIÓN ORZAMENTOS 2012

(En Euros)

16

CONCEPTOS	Menores de 5.000 Hab.	Entre 5.001-20.000 Hab.	Entre 20.001-50.000 Hab.	Máis de 50.000 Hab.	TOTAL ANO 2012	TOTAL ANO 2011	DIFERENCIA 2012-2011
<b>POBOACIÓN 2012</b>	<b>463.728</b>	<b>886.992</b>	<b>430.871</b>	<b>999.907</b>	<b>2.781.498</b>	<b>2.795.422</b>	<b>-13.924</b>
<b>NÚMERO DE CONCELLOS</b>	<b>202</b>	<b>91</b>	<b>15</b>	<b>7</b>	<b>315</b>		
<b>SUPERFICIE</b>	<b>19.219</b>	<b>7.825</b>	<b>1.547</b>	<b>983</b>	<b>29.574</b>		
<b>ENTIDADES SINGULARES DE POBOACIÓN</b>	<b>15.932</b>	<b>10.599</b>	<b>2.331</b>	<b>1.286</b>	<b>30.148</b>		
Débeda Pública	12.111.693	35.998.408,93	18.525.647,05	54.525.980,12	121.161.729	113.591.273	7.570.456
Seguridade e Mobilidade cidadá	6.813.923	32.718.757,98	18.153.135,25	92.795.684,72	150.481.500	165.741.511	-15.260.010
Vivenda e Urbanismo	26.771.788	55.620.890,87	25.247.392,54	80.093.163,14	187.733.235	262.836.859	-75.103.625
Benestar Comunitario	81.049.758	134.800.494,13	63.479.075,89	157.115.335,13	436.444.664	420.181.254	16.263.410
Medio Ambiente	3.559.518	13.652.677,02	10.314.043,23	33.059.858,81	60.586.097	78.499.837	-17.913.740
Pensións	2.432.772	4.341.944,13	939.132,45	614,77	7.714.463	11.420.920	-3.706.457
Outras Prestacións económicas empregados	852.346	2.242.439,05	2.674.446,55	9.931.771,42	15.701.003	18.861.173	-3.160.170
Servizos Sociais e Promoción Social	31.836.710	54.318.657,84	19.836.405,68	53.959.299,18	159.951.073	181.224.930	-21.273.858
Fomento do Emprego	8.528.391	11.306.654,94	5.591.598,61	16.285.261,41	41.711.906	79.443.909	-37.732.003
Sanidade	1.545.052	3.202.389,36	980.664,18	5.463.358,63	11.191.464	12.792.634	-1.601.170
Educación	18.649.993	27.581.632,07	20.328.532,72	27.959.755,49	94.519.913	96.030.103	-1.510.190
Cultura	14.113.811	36.648.640,00	17.055.754,13	59.073.877,76	126.892.083	156.530.853	-29.638.769
Deporte	10.051.835	32.287.611,44	13.681.836,38	32.099.180,52	88.120.463	107.839.736	-19.719.274
Agricultura, Gandeira e Pesca	557.477	783.851,46	138.640,74		1.479.970	3.618.005	-2.138.035
Industria e enerxía	2.867.591	606.365,31	102.275,73	1.671.289,27	5.247.521	6.424.266	-1.176.745
Comercio, Turismo e PYMES	1.526.770	7.180.135,04	3.018.143,10	14.947.968,91	26.673.017	29.314.171	-2.641.154
Transporte Público	180.664	1.410.860,20	376.242,53	35.910.924,75	37.878.691	34.661.835	3.216.856
Infraestruturas	31.013.226	32.238.539,85	8.758.316,87	10.677.589,03	82.687.672	106.544.368	-23.856.696
Investigación, desenvolvemento e innovación	2.054	1.900,00	1.200,00		5.154	981.588	-976.434
Outras actuacións carácter económico	164.545	1.993.032,23	1.304.097,22	1.302.031,74	4.763.706	5.563.980	-800.274
Órganos Goberno	9.209.080	15.253.057,66	7.261.452,91	19.798.640,44	51.522.231	54.514.658	-2.992.427
Servizos Carácter Xeral	68.361.915	78.547.955,10	31.130.441,24	75.580.257,90	253.620.569	255.045.784	-1.425.215
Administración financeira e tributaria	3.830.809	24.434.872,77	13.098.106,27	32.844.249,97	74.208.038	75.647.043	-1.439.005
Transferencias Administracións Públicas	3.305.687	4.775.631,56	896.489,17	7.680.666,74	16.658.475	19.752.271	-3.093.796
<b>TOTAL</b>	<b>339.337.406</b>	<b>611.947.398,94</b>	<b>282.893.070,44</b>	<b>822.776.759,85</b>	<b>2.056.954.636</b>	<b>2.297.062.963</b>	<b>-240.108.327</b>
<b>PESO ESPECÍFICO GASTO</b>	<b>16,50%</b>	<b>29,75%</b>	<b>13,75%</b>	<b>40,00%</b>			
<b>PESO ESPECÍFICO POBOACIÓN</b>	<b>16,67%</b>	<b>31,89%</b>	<b>15,49%</b>	<b>35,95%</b>			

# GASTO FUNCIONAL DOS CONCELLOS GALEGOS LIQUIDACIÓN ORZAMENTOS 2012

(Euros/Habitante)

> CONCELLOS  
GALEGOS

Publicación da  
Federación Galega  
de Municipios  
e Provincias

17

> FINANCIAMENTO LOCAL

CONCEPTOS	Menores de 5.000 Hab.	Entre 5.001-20.000 Hab.	Entre 20.001-50.000 Hab.	Máis de 50.000 Hab.	TOTAL ANO 2012	TOTAL ANO 2011
Débeda Pública	26,12	40,58	43,00	54,53	43,56	40,63
Seguridade e Mobilidade cidadá	14,69	36,89	42,13	92,80	54,10	59,29
Vivenda e Urbanismo	57,73	62,71	58,60	80,10	67,49	94,02
Benestar Comunitario	174,78	151,97	147,33	157,13	156,91	150,31
Medio Ambiente	7,68	15,39	23,94	33,06	21,78	28,08
Pensións	5,25	4,90	2,18	0,00	2,77	4,09
Outras Prestacións económicas empregados	1,84	2,53	6,21	9,93	5,64	6,75
Servizos Sociais e Promoción Social	68,65	61,24	46,04	53,96	57,51	64,83
Fomento do Emprego	18,39	12,75	12,98	16,29	15,00	28,42
Sanidade	3,33	3,61	2,28	5,46	4,02	4,58
Educación	40,22	31,10	47,18	27,96	33,98	34,35
Cultura	30,44	41,32	39,58	59,08	45,62	56,00
Deporte	21,68	36,40	31,75	32,10	31,68	38,58
Agricultura, Gandeira e Pesca	1,20	0,88	0,32	0,00	0,53	1,29
Industria e enerxía	6,18	0,68	0,24	1,67	1,89	2,30
Comercio, Turismo e PYMES	3,29	8,09	7,00	14,95	9,59	10,49
Transporte Público	0,39	1,59	0,87	35,91	13,62	12,40
Infraestruturas	66,88	36,35	20,33	10,68	29,73	38,11
Investigación, desenvolvemento e innovación	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,35
Outras actuacións carácter económico	0,35	2,25	3,03	1,30	1,71	1,99
Órganos Goberno	19,86	17,20	16,85	19,80	18,52	19,50
Servizos Carácter Xeral	147,42	88,56	72,25	75,59	91,18	91,24
Administración financeira e tributaria	8,26	27,55	30,40	32,85	26,68	27,06
Transferencias Administracións Públicas	7,13	5,38	2,08	7,68	5,99	7,07
<b>TOTAL</b>	<b>731,76</b>	<b>689,91</b>	<b>656,56</b>	<b>822,85</b>	<b>739,51</b>	<b>821,72</b>

## DISTRIBUCIÓN INGRESOS CONCELLOS GALEGOS COMPARATIVA LIQUIDACIÓN ORZAMENTOS 2011-2012

CONCEPTO	ANO 2012			ANO 2011		
	Importe 2012 (Miles de €)	€/Hab	Peso Específico	Importe 2011 (Miles de €)	€/Hab	Peso Específico
IBI NATUREZA RÚSTICA	8.215	2,95	0,36%	7.915	2,83	0,35%
IBI NATUREZA URBANO	447.566	160,91	19,67%	395.913	141,63	17,71%
IBI BENS CARACTERÍSTICAS ESPECIAIS (BICES)	24.955	8,97	1,10%	23.680	8,47	1,06%
IVTM	130.670	46,98	5,74%	130.422	46,66	5,83%
IVTNU	29.707	10,68	1,31%	28.007	10,02	1,25%
IAE	75.247	27,05	3,31%	78.262	28,00	3,50%
ICIO	31.404	11,29	1,38%	40.409	14,46	1,81%
Outros Impostos Capítulos I e II	86	0,03	0,00%	246	0,09	0,01%
Taxa pola prestación de servizos públicos básicos	190.158	68,37	8,36%	181.793	65,03	8,13%
Taxa pola prestación de servizos públicos de carácter social e preferente	18.857	6,78	0,83%	18.132	6,49	0,81%
Taxa pola realización de actividades de competencia local	26.260	9,44	1,15%	27.626	9,88	1,24%
Taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local	65.818	23,66	2,89%	59.445	21,27	2,66%
Prezos Públicos	20.619	7,41	0,91%	19.341	6,92	0,86%
Contribucións Especiais	2.218	0,80	0,10%	1.451	0,52	0,06%
Ventas	3.726	1,34	0,16%	2.644	0,95	0,12%
Reintegro de operacións correntes	2.457	0,88	0,11%	5.613	2,01	0,25%
Outros Ingresos Capítulo III	65.305	23,48	2,87%	77.835	27,84	3,48%
Transferencias Estado (Incluída PIE)	526.068	189,13	23,12%	545.683	195,21	24,40%
Transferencias da Comunidade Autónoma (Incluído FCL)	255.866	91,99	11,25%	340.476	121,80	15,23%
Transferencias Entidades Locais	81.548	29,32	3,58%	111.629	39,93	4,99%
Outras transferencias (consorcios, empresas privadas,...)	23.625	8,49	1,04%	23.962	8,57	1,07%
Ingresos Patrimoniais	22.890	8,23	1,01%	20.503	7,33	0,92%
Alleamento de Inversións Reais	1.706	0,61	0,07%	4.384	1,57	0,20%
Activos Financeiros	2.653	0,95	0,12%	3.617	1,29	0,16%
Pasivos Financeiros	217.392	78,16	9,56%	86.966	31,11	3,89%
<b>TOTAL</b>	<b>2.275.016</b>	<b>817,91</b>	<b>100,00%</b>	<b>2.235.953</b>	<b>799,86</b>	<b>100,00%</b>

Fonte: Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e elaboración propia